

Comentarios recollidos do [blog da Biblioteca](#) do IES Sánchez Cantón no curso 2007-2008

1. Gustoume bastante. O libro ten varios contos; todos eles con rapazas como protagonistas. O que máis me gustou foi: "Dúas rosas murchas" que me intrigou moito e sorprendeume bastante, ata se pode dicir que me deu algo de medo. Un conto que tamén me gustou moito foi: "Un curso con Ana" no que varios compañeiros dan a súa opinión sobre o curso que pasaron con Ana, unha nova compañeira, que monta barullo. Pareceume unha historia moi divertida e penso que Ana fai ben protestando se algo lle parece inxusto. Aos meus compañeiros recoméndolles que lean este libro, sobre todo se son nenas. **(Andrea)**

2. O libro narra varias historias que non teñen relación unhas coas outras, todas son contadas por rapazas con idades entre 13 e 14 anos. As historias son: "Visitante das estrelas", "Unha pedra na area", "Un curso con Ana", "Querida Avoa", "A primeira meta" e "Dúas rosas murchas". O relato "Visitante das estrelas", conta a historia dun extraterrestre, que ven á terra, e introdúcese nos pensamentos dunha rapaza. O conto "Unha pedra na area", trata a historia dunha nena que atopa unha pedra que ó final resultou ... "Un curso con Ana" é unha historia contada por varias rapazas, compañeiras e amigas de Ana no curso anterior, que comentan a forma de pensar e falar dela, que asombrara a todos no curso pasado e que non esquecen. "Querida avoa" é un relato que conta a historia dunha rapaza que quería moito a súa avoa e pensaba que era moi boa persoa ata que... A historia de "A primeira meta" reflexiona sobre a experiencia dunha rapaza chamada Mariña, antes de ser campioa de Galicia en carreira de resistencia. O relato "Dúas rosas murchas" trata a historia dunha rapaza, que despois de suspender varias materias, os seus. O libro, en xeral, é interesante e entretido. A miña historia favorita foi "Unha pedra na area". Recoméndolle ler este libro á xente que lle guste ler bos libros. **(José Manuel)**

3. Como o título indica, este conto ten diferentes historias, en concreto 6 historias dedicadas a todas as rapazas. Algunhas historias, son divertidas, outras de ciencia ficción, outras de amor e outras aburridas. A min a que máis me gustou foi a "querida avoa", que trata dunha rapaza que a súa avoa vai pasar unhas pequenas vacacións xunto delas. Esta un día... A que non sabedes o que lle dixo a avoa á nai da rapaza? Se queres sabelo, leo, gustarache. Iso si, o que non che recomendo e que leas o capítulo "un curso con ana". Esta rapaza é moi feminista e sacarate de quicio, se queres enfadarte un pouco, leo, xa verás, ben en fin, a min este libro gustoume nalgúns capítulos e aspectos pero noutros déronme ganas de non ler un libro nunca máis. Este libro recoméndollo para a xente que lle gusta ler moito. **(Alejandro)**

4. A min este libro gustoume pero ten historias un pouco aburridas. A primeira historia, trata dun extraterrestre que entra no corpo dunha rapaza e que sabe todo o que a rapaza sente pero ... Na segunda historia, hai unha rapaza que ten unha colección de cousas estrañas e un día paseando pola praia atopou unha pedra e descubriu que ... A terceira aventura trata dunha rapaza que chega nova ao colexio e que resulta ser unha feminista en potencia e a todos os rapaces lle cae mal. A cuarta historia a min resultoume un pouco estraña porque non ten moito sentido a reacción da súa avoa. A quinta trata dos sentimentos que ten unha (ou un, supoño) corredora os minutos antes da saída e a chegada cando resulta ser a gañadora... ou a perdedora? A sexta e última trata duns sentimentos estraños que ten unha rapaza pensando nun amigo que morrera afogado. A min esta libro pareceume nalgúns aspectos, feminista porque só resalta o bo das rapazas e o "malo" dos rapaces. **(Rafael)**

5. Este libro contén varias historias todas con rapazas de protagonistas. Ten unha ou dúas de ciencia ficción, unha de racismo cara as mulleres e outras de sentimentos amorosos. A que mais me gustou foi "Curso con Ana". Esta historia nárana varios narradores que din o que lles pareceu o curso anterior e a súa convivencia con Ana. A esta nena non lle gustaba nadiña que discriminara ás nenas e por isto f... En xeral o libro gustoume moito aínda que houbo partes aburridas, grazas a que hai varias historias non te acaba aborrecendo. A min isto pasoume coa historia " unha pedra na area" que non me gustou nadiña. Aconsello este libro a todo o mundo xa que contén de todo. **(Eligio)**

6. Agustín Fernández Paz escribiu este conto, naceu en Vilalba (Terra Chá luguesa), e escribiu outras novelas infantís e xuvenís como por exemplo "As flores radioactivas" e "Trece anos de Branca". Neste libro cóntanse 5 historias: "Visitante das estrelas", "Unha pedra na area", "Un curso con Ana", "A primeira meta" e "Dúas rosas murchas". A primeira é un relato de ciencia-ficción, a segunda é unha mestizaxe entre unha novela de ciencia-ficción e de amor, a terceira é unha narrativa sobre o curso con Ana, a cuarta trata da superación humana e a quinta é de misterio. A que máis me gustou foi "Visitante das estrelas" que narra a aventura dunha especie de alienígena que ten que investigar sobre os homes e sobre o noso planeta. Ten unhas instrucións, non pode intervir nos pensamentos do cerebro no que se introduza. Chega ao cerebro de Laura, unha nena que sofre moito. O visitante pode cambiar iso? Romperá as

regras? Para sabelo tedes que ler o libro. Dos demais non vou contar nada para que a lectura non perda interese. O libro encantoume. É moi interesante. Cada conto está narrado dunha forma diferente e iso gústame. Dos mellores que lin este ano. O vocabulario resulta ameno, con palabras coñecidas e sen ningún tipo de dificultade. Recomendoo.
(Antonio)